


10836



Ante a imposibilidade de rematar as prácticas no Xornal de Galicia no período xullo-setembro 2011 polo peche do mesmo, cómpre establecer medidas para reducir os prexuízos aos alumnos afectados. Á vista da proposta do Decanato da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, esta Reitoría resolveu:

PRIMEIRO.- Os alumnos matriculados nas prácticas no Xornal de Galicia no período xullo-setembro 2011 poderán anular a matrícula nelas con dereito á devolución dos prezos públicos correspondentes, ou ben solicitar o recoñecemento das horas efectivamente realizadas.

SEGUNDO.- Os alumnos inscritos nas prácticas no Xornal de Galicia no período xullo-setembro 2011 que non soliciten a anulación poderán optar por solicitar a devolución dos prezos públicos correspondentes aos créditos de prácticas non realizados ou por completar os créditos matriculados inicialmente coa realización dos Traballos Academicamente Dirixidos (TAD) que organizará a Facultade de Ciencias da Comunicación nos meses de setembro e outubro. O carácter do TAD coincidirá co tipo de créditos que figuran na matrícula das prácticas dos estudantes.

TERCEIRO.- Aos efectos de completar os créditos de prácticas, os alumnos que soliciten a anulación parcial das prácticas e non soliciten a realización de TAD terán preferencia nas convocatorias de prácticas que estableza a Facultade de Ciencias da Comunicación no curso 2011-2012 sempre que non remataran os seus estudos (Normativa de prácticas externas en empresas e institucións, aprobada polo Consello de Goberno o 30/05/2008).

CUARTO.- Aos efectos do cumprimento do disposto nesta resolución, os alumnos deberán manifestar na Unidade de Xestión Académica do campus norte a opción elixida, quen resolverá as peticións de acordo cos informes da Facultade de Ciencias da Comunicación.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011

O Reitor

Juan José Casares Long

Decano da Facultade de Ciencias da Comunicación
SXA
UXA Norte